



ANUNCIO

O Concello de Fene por Decreto da Alcaldía nº 1177/2024 de data 11 de setembro de 2024 aprobou as seguintes bases:

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE DO PROXECTO DE OBRADOIRO EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL "INICIA VIII" PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE FENE,ARES,CABANAS E MUGARDOS

1.- Obxecto da convocatoria e principios de actuación

A través do procedemento de selección que se sinala nestas bases e de conformidade co disposto na lei 5/2015 de 30 de outubro do Estatuto Básico do Empregado público, a lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, a lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación, o obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal do seguinte persoal para a xestión e o desenvolvemento do obradoiro de emprego:

- un/unha director/a (xornada completa)
- un/unha docente para impartir o certificado de profesionalidade de (FMEC0108) Fabricación e montaxe de instalacións de tubería industrial de nivel 2 (xornada completa)
- un/unha docente de ensino básico (50% xornada)
- un/unha docente de formación empresarial 50% xornada)

A selección do persoal directivo e docente participante no proxecto que se vai poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Nos criterios de selección de todo o persoal procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas.

O órgano de selección do proceso actuará sempre de acordo as principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

2.- Publicidade do proceso

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do persoal unha vez aprobadas pola entidade promotora expóñense ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Fene e na páxina web do Concello de Fene (<https://fene.gal>), así como nos taboleiros e webs dos concellos de Ares, Cabanas e Mugardos. Ademais, enviaráanse á oficina de emprego e tamén serán remitidas ao Departamento Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Fene e na páxina web do Concello de Fene, así como nos taboleiros e nas páxinas web dos concellos de Ares, Cabanas e Mugardos.

Publicarase un anuncio para a apertura do proceso no BOP.

Rematado o procedemento de selección a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e ao Departamento territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como, persoal directivo e docente que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto.

O proxecto non poderá dar comezo en tanto ao Departamento territorial non comprobe que todo o persoal docente reúne os ditos requisitos.

3.- Requisitos comúns das persoas aspirantes

Para tomar parte neste proceso selectivo toda persoa aspirante deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia (LEPGA), permita o acceso ao emprego público.
- b) Estar en posesión da titulación exixida ou estar en condicións de a obter.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

4.- Órgano de selección

O Tribunal cualificador terá como función a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes e será designado pola alcaldía ou persoa en quen delegue, axustándose á seguinte composición:

- 1 Presidenta/e (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para cuxo ingreso se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- 3 Vogais (titulares e suplentes): Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a un corpo ou escala para cuxo ingreso se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- 1 Secretaria/o (titular e suplente): unha/un funcionaria/o de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para cuxo ingreso se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da lei 40/2015.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza de, polo menos, tres membros titulares ou suplentes; debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a. De tódalas reunións do tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta, que se asinará por todos.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases. Os tribunais poderán dispoñer da incorporación de asesores/as especialistas para as probas en que así coiden necesario ou conveniente. As persoas asesoras limitaranse ao exercicio das súas especialidades técnicas, en base exclusivamente ás cales colaborarán co respectivo Tribunal.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Para os efectos do percibo de indemnizacións en concepto de asistencias o tribunal entenderase encadrado na categoría primeira, segundo establece o RD 462/2002, do 24 de maio.

2 / 16

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n.- Tlfo.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 – 15500 – FENE

C.I.F. : P-1503600 - G



5.- Listaxes de reserva

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva, integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do/a proposto/a para ocupar a praza obxecto da convocatoria, segundo se indica nos respectivos apartados destas bases. No suposto de que a de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas instrucións.

6.- Selección do persoal directivo e docente:

6.1.- Normas xerais:

- * Convocatoria pública:

Para levar a cabo o procedemento de selección do persoal directivo e docente emprégase convocatoria pública que se publicará segundo indica o apartado 2.

- * Presentación de instancias:

As persoas que desexen participar na presente convocatoria deberán presentar instancia dirixida ao Sr. Alcalde segundo o modelo que figura nas presentes bases (Anexo I).

O prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

As instancias poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na súa Sede Electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Se consonte a este precepto se presentara instancia vía correo, deberá aparecer na devandita solicitude o selo da correspondente oficina de correos e comunicarásele simultaneamente ao concello a realización do envío ben por fax ou ben por correo electrónico (registro@fene.gal) co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante; noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente copia simple do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo, da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos específicos establecidos nestas bases e da documentación necesaria para a valoración de méritos, polo que só se terán en conta para o concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fóra de prazo.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo. Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

- Admisión dos/as aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ou persoa en quen delegue ditará unha Resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión do proceso selectivo. A dita Resolución de Alcaldía publicarase na páxina web do Concello de Fene (<https://fene.gal>), no taboleiro de anuncios do Concello de Fene e nas webs e taboleiros dos Concellos de Ares, Cabanas e Mugar dos, concedendo un prazo de dous (2) días naturais, contados desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Fene, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará na páxina web do Concello de Fene no taboleiro de anuncios do Concello de Fene e nas webs e taboleiros dos concellos de Ares, Cabanas e Mugar dos, determinando a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución e, no seu caso, inicio do proceso selectivo.

No caso de que se produza a admisión de todos os/as candidatos/as presentados/as, sen exclusións, poderase prescindir da aprobación e publicación das listaxes provisionais.

- Selección definitiva dos/as candidatos/as:

A selección do persoal directivo e docente será efectuada polo órgano de selección que aplicará o baremo de méritos establecido para cada posto no apartado de especificacións e no seu caso as probas de acreditación do coñecemento da lingua galega.

Os casos de empate resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) O maior tempo acreditado como desempleado/a.
- b) Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
- c) A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- d) A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- e) A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- f) A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- g) A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- h) A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- i) O de maior idade.

- Puntuacións finais. Contratación:

O órgano de selección procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. As ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.



Estas listaxes publicaranse na páxina web do concello de Fene (<https://fene.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Fene nas webs e taboleiros dos concellos de Ares, Cabanas e Mugaros. As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días naturais, contados desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello de Fene para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

Resultas as posibles alegacións e emendas ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Fene a listaxe definitiva de aspirantes que tiveran superado o proceso sen obter praza coa puntuación obtida por orde de maior a menor xunto coa relación definitiva de aprobado/as tamén pola orde da puntuación obtida.

Así mesmo, esta relación de persoas aprobadas presentarase ao señor alcalde coa proposta para a súa contratación. O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de nomeamento un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, os/as aspirantes propostos/as, achegarán no prazo de catro (4) días naturais, contados a partir da publicación da relación definitiva de aprobado/as no Taboleiro de anuncios do Concello de Fene, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, o acceso ao emprego público.

b) Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

c) Certificación médica ou informe de saúde actualizado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira expedido por facultativo competente.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida nesta Base e agás os casos de forza maior, ou cando do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incorrido por falsidade na solicitude de participación.

6.2.- Especificacións:

a) PROCESO SELECTIVO DUN/DUNHA DIRECTOR/A:

FUNCIÓNS DO POSTO:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de garantía xuvenil e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, entidade promotora e empresario.

Levará a cabo a xestión e supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado/a do bo funcionamento do obradoiro, concretamente:

- ☞ Coordinación co Concello de Fene en todo o relativo á xestión económica e administrativa do programa
- ☞ Coordinación coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en todo o relacionado coa execución do programa
- ☞ Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- ☞ Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e ante os Concellos de Fene, Ares, Cabanas e Mugarbos as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria
- ☞ Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade
- ☞ Supervisar a formación do alumnado –traballador e a labor educativa do persoal docente
- ☞ Colaborar co/a docente de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto
- ☞ Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado
- ☞ Propoñer, organizar e coordinar actividades complementarias de carácter formativo do alumnado –traballador
- ☞ Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- ☞ Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados

MODALIDADE, PERÍODO DE CONTRATACIÓN E RETRIBUCIÓN

- a) O/A candidato/a seleccionado/a será contratado/a por un período de 12 meses a xornada completa (40 horas semanais) coa modalidade que se estableza segundo o Real Decreto Lei 32/2021 para a execución do Obradoiro de emprego de Garantía Xuvenil INICIA VIII.
- b) A retribución mensual bruta será de 2.571,33,00€, correspondente á xornada completa (40 horas semanais), incluída a prorrata da paga extra.

REQUISITOS ESPECIFICOS:

- a) Idade: Ter 16 ou máis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa
- b) Titulación: Universitaria na rama da Arquitectura Técnica ou Grao en Estudos de arquitectura técnica.
- c) Experiencia profesional: experiencia mínima de 6 meses por conta allea en tarefas de dirección de obradoiros de emprego, programas de emprego, casas de oficios, escolas obradoiro (grupos de cotización, 1, 2 e 3)
- d) Requisitos lingüísticos: Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega
- e) Outros requisitos: Permiso de conducir B

Todos os requisitos esixidos nesta base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

SELECCIÓN DOS/AS CANDIDATOS/AS:

6 / 16

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 – 15500 – FENE

C.I.F.: P-1503600 - G



Primeiro.- O Órgano de selección para a cualificación dos/as candidatos/as deberá aplicar o seguinte:

Puntuación total do proceso selectivo: 15 puntos

📄 Titulación académica (máximo 2 puntos)

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coas funcións a desenvolver no obradoiro:

Licenciatura ou grao: 1,5 puntos

Diplomatura universitaria: 1 punto

Master maior ou igual a 600 horas: 0,50 puntos

Título de técnico/a superior da rama correspondente ou o seu equivalente: 0,5 puntos

Título de técnico/a medio da rama correspondente ou o seu equivalente: 0,25 puntos

A titulación mínima esixida para o posto, unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante.

A puntuación dos apartados anteriores é acumulable ata a puntuación máxima.

📄 Experiencia profesional (máximo 9 puntos)

◦ Experiencia desenvolvida como director/a de Obradoiro de emprego, casas de oficio, Escolas Taller, escolas obradoiro, Programas de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 6 puntos

◦ Experiencia en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,05 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 3 puntos

O período de experiencia profesional esixido como requisito non será obxecto de valoración.

📄 Cursos realizados (máximo 4 puntos): Valoraranse unicamente os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tivesen unha duración mínima de 20 horas lectivas:

o Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 puntos por curso

o Cursos de 100 a 299 horas: 0,30 puntos por curso

o Cursos de 300 horas ou máis horas: 0,50 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos non será obxecto de puntuación.

Para acreditar os méritos, será necesario presentar a documentación segundo se indica:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial
- O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, organizacións sindicais, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos.

No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

- Acreditación da experiencia profesional por conta allea. Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado: non se terán en conta as experiencias que non figuren na vida laboral.

Segundo.- Acreditación do coñecemento da lingua galega (Apto/a ou non apto/a): para os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento de lingua galega segundo o establecido nos requisitos específicos deberán realizar unha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio que consistirá en traducir

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

7 / 16



nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán ao galego, e outro do galego ao castelán, propostos polo Tribunal. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao órgano de selección determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado

Trala realización deste exercicio e a súa avaliación, se procederá á publicación da relación daqueles aspirantes que o superaron

b) PROCESO SELECTIVO DO DOCENTE PARA A ESPECIALIDADE DE FMEC0108 FABRICACIÓN E MONTAXE DE INSTALACIÓNS DE TUBERÍA INDUSTRIAL

FUNCIÓNS DO POSTO:

A persoa candidata seleccionada encargarse de impartir a educación correspondente ao seu oficio e de actuar como mestre da súa especialidade nas obras ou actuacións que se levan a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as, así como:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
